

Volume convidativo

Consagrando os encontros

ROMÁN RAÑA

Este novo poemario de Ana Romaní (Noia, 1962), titulado *Estremas*, vén ser un volume convidativo. Intenso e breve, mais certamente convidativo, toda vez que nos invita a sentir o corpo como materia para compartir; non obxecto de desexo, mais si suxeito do perpetuo desexar. A nosa autora pincela os poemas con extrema delicadeza e cun ritmo verdadeiramente torrencial para expresar os límites de Eros ou, precisamente, a ausencia de límites por parte de Eros. De aí, en consecuencia, as extremas, as marcas do final do territorio, as liñas que o cercan e delimitan, o espazo interior que non ten fin. Con pulso firme, a poeta é quen de interiorizar os disturbios da conciencia, o punzón do sufrimento, a elevación sobre a propia linguaxe (de aí a metapoética que podemos achar noutros momentos: “Este poema é unha mole oceánica”) perfectamente perfilada como a secreta anatomía do mundo.

As pezas máis intensas e emotivas convidan o verán, o sopro do vento percutindo nas praias, o alarido das dunas, o escenario solar onde os corpos navegan e persisten, rompen a distancia e instauran unha apaixonada xeografía sentimental. Aí están os sentimentos, rebentando nos versos, aplaudindo as caricias, consagrando os encontros.

ROMANÍ, Ana, *Estremas*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 10 €

